

# **NORMATIVA QUE REGULA OS CONCURSOS DE ACCESO A CORPOS DE FUNCIONARIOS DOCENTES UNIVERSITARIOS**

(Aprobada en Consello de Goberno do 29 de abril de 2005)

## **ÍNDICE**

**TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS**

**TÍTULO I. CONVOCATORIA DE CONCURSOS DE ACCESO**

**TÍTULO II. ÓRGANOS DE SELECCIÓN**

**TÍTULO III. CRITERIOS DE SELECCIÓN**

**TÍTULO IV. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

**TÍTULO V. PROPOSTA DE PROVISIÓN E NOMEAMENTO**

**TÍTULO VI. RECLAMACIÓNS**

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

**ANEXO. BAREMO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS NOS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DE FUNCIONARIOS DOCENTES UNIVERSITARIOS**

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 1. Ámbito de aplicación**

Esta normativa ten por obxecto regular os concursos de acceso e provisión de prazas de funcionarios dos corpos docentes universitarios aos que fai referencia o artigo 56 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, o capítulo III do Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, que regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos e os Estatutos da Universidade da Coruña.

#### **Artigo 2. Principios xerais**

1. As convocatorias e os procedementos de selección do persoal docente e investigador garantirán o acceso en condicións de igualdade.
2. A selección do persoal funcionario realizarase consonte ao disposto na Lei orgánica 6/2001, no Real decreto 774/2002 e nos Estatutos da UDC segundo a regulación que establece a presente normativa.
3. As referencias que para cada posto de traballo poidan conter as convocatorias en relación coas obrigas docentes e de investigación que deben asumir os adxudicatarios non suporán, en ningún caso, para quen obteña estes postos, un dereito de vinculación exclusiva a esas actividades. Do mesmo xeito, a referencia ao centro en que deberá desenvolverse a actividade docente non suporá o dereito a non exercer actividade docente ou investigadora noutro centro dependente da propia universidade, nin sequera no caso de que radique en localidade distinta.

### **Artigo 3. Cómputo de prazos**

1. Os prazos a que fai referencia esta normativa exprésanse en días que, segundo o que dispón o artigo 48.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, serán hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos. Entenderanse festivos para os efectos do presente regulamento os festivos locais tanto da Coruña como de Ferrol e ampliarase, en calquera caso, nos dous campus o prazo que se estableza por un número de días igual ao dos festivos existentes.
2. Cando os prazos remataren nun día en que os rexistros xerais da UDC estean pechados prorrogaranse ata o seguinte día hábil.
3. Para o cómputo de prazos o mes de agosto será inhábil para todos os efectos.

## **TÍTULO I**

### **CONVOCATORIA DE CONCURSOS DE ACCESO**

#### **Artigo 4. Comunicación ao Consello de Coordinación Universitaria**

1. A convocatoria de concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios require efectuar previamente comunicación á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, para o efecto de poñer en marcha o proceso de habilitación nacional.
2. O Consello de Goberno propondrá ao reitor a convocatoria de concursos de acceso a prazas de corpos docentes universitarios, antes de se resolver o procedemento de habilitación ou unha vez que este se resolva.
3. No primeiro suposto, a convocatoria deberá ter lugar a partir dos quince días seguintes ao da publicación no BOE da resolución que convoca as probas de habilitación. No segundo caso, a convocatoria deberá efectuarse dentro dos vinte días seguintes á publicación no BOE da relación de candidatos habilitados.
4. As prazas deberán proverse no prazo máximo de dous anos desde a súa comunicación ao Consello de Coordinación Universitaria, sempre que haxa concursantes a elas.

#### **Artigo 5. Contido e publicidade das convocatorias**

1. A convocatoria de concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios realizarase mediante resolución reitoral, unha vez que se cumpra o trámite establecido no apartado 1 do artigo 14 do Real decreto 774/2002 e publicárase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.
2. Cando se trate de prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas dos corpos docentes universitarios, a convocatoria dos concursos de acceso realizarana conxuntamente as dúas institucións e asinaraa o reitor da Universidade, que será o responsable da súa execución.
3. As bases da convocatoria deberán conter:
  - a. Número e características das prazas que se convocan.
  - b. Categoría do corpo a que pertencen.
  - c. Área de coñecemento e departamento a que corresponde cada unha das prazas.
  - d. Potestativamente, a determinación das actividades docentes referidas a unha materia troncal ou obrigatoria da área a que corresponda a praza obxecto de concurso das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de primeiro e segundo ciclo na UDC e das actividades investigadoras, que servirán de referencia para a valoración das probas correspondentes e dos méritos docentes e de investigación. En ausencia das anteditas especificacións, as valoracións

realizaranse por referencia á área de coñecemento a que corresponda a praza convocada. En calquera caso, as especificacións que se recollan na convocatoria non poderán incluír orientacións sobre a formación dos concursantes.

- e. Localidade onde se realizará a actividade docente e investigadora.
  - f. Características das solicitudes e prazos para a súa presentación.
  - g. Composición do órgano de selección que resolverá o concurso.
  - h. Condicións ou requisitos que deban reunir as persoas aspirantes.
  - i. Normas sobre a presentación de documentos.
  - j. Características, lugar, data e hora do acto de presentación.
  - k. Probas de que conste o proceso selectivo e relación de méritos que se terán en conta na selección.
  - l. Sistema de valoración de probas e méritos, sen que se poida incluír ningún criterio que impida a participación no concurso dunha persoa habilitada.
  - m. Lugar ou medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións relativas ao procedemento selectivo.
  - n. Normas sobre nomeamentos.
  - o. Duración máxima do proceso de selección sen que poidan transcorrer máis de catro meses entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso.
4. As bases das convocatorias estarán a disposición de quen as solicite e serán expostas nos correspondentes taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol así como na páxina web da Universidade.

## TÍTULO II

### ÓRGANOS DE SELECCIÓN

#### **Artigo 6. Composición das comisións de selección**

1. As comisións de selección do persoal habilitado estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento e de igual ou superior categoría que a da praza obxecto do concurso que cumpran os requisitos de recoñecemento de actividade investigadora que, segundo o artigo 6.2º do Real decreto 774/2002, son esixidos para formar parte das comisións xulgadoras das probas de habilitación nacional.
2. O departamento correspondente proporá o presidente e o secretario e cinco membros máis a partir dos cales o Consello de Goberno designará os tres vogais.
3. Os suplentes proporanse e designaranse do mesmo xeito.
4. Os nomeamentos, que serán efectuados polo reitor, son irrenunciabes salvo cando concorrer unha causa xustificada que impida a súa actuación como membro da comisión.
5. Os membros das comisións poderán estar en calquera das situacións administrativas a que se refire o Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, agás as de excedencia e suspensión de funcións, todo isto con anterioridade á data de expiración do prazo para a presentación de solicitudes de participación dos candidatos nas probas correspondentes.
6. Preferentemente integrarán as comisións de selección os profesores funcionarios da UDC da área a que pertenza a praza en concurso. No suposto de que na área da praza non existise profesorado

suficiente na UDC para a conformación da comisión ou cando o Consello de Departamento así o estimar, poderá proporse profesorado doutras universidades da mesma área a que pertenza a praza.

7. No caso das comisións encargadas de resolveren os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios para ocupar prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes dos corpos mencionados, dous dos seus membros teñen que ser doutores e estar en posesión do título de especialista que se esixa como requisito para concursar á praza. A súa elección levarase a cabo mediante sorteo público pola institución sanitaria correspondente e serán elixibles todos os doutores que figuren no censo público que con carácter anual se comunicará ao Consello de Coordinación Universitaria. O requisito de estar en posesión do título de doutor non será esixible cando se trate de prazas de profesor titular de escolas universitarias.
8. A participación nas comisións de selección dará dereito ás percepcións económicas que se determinaren.

### TÍTULO III

#### CRITERIOS DE SELECCIÓN

##### **Artigo 7. Criterios xerais de selección**

1. Os procedementos de selección deberán valorar a adecuación de cada candidato ás tarefas docentes e investigadoras propias da praza obxecto de concurso.
2. Nos concursos para o acceso a prazas de catedrático de universidade, de profesor titular de universidade e de catedrático de escolas universitarias valorarase a actividade investigadora desenvolvida, a experiencia en dirección de equipos de investigación, a experiencia docente e a participación en actividades de innovación pedagóxica, a participación na vida universitaria a través de labores de xestión, de representación e de difusión da cultura universitaria, así como o coñecemento da lingua propia da UDC.
3. Nos concursos para o acceso a prazas de profesor titular de escolas universitarias valoraranse preferentemente a actividade docente dos candidatos e a participación en actividades de innovación pedagóxica. Tamén se valorará a experiencia investigadora, a participación na vida universitaria a través de labores de xestión, de representación e de difusión da cultura universitaria, así como o coñecemento da lingua propia da UDC.
4. As comisións determinarán e publicarán os criterios específicos de valoración en función das características das prazas e das actividades docentes e investigadoras que figuren na convocatoria. Nas prazas que pertencen a áreas de coñecemento de carácter clínico-asistencial, as comisións incluírán criterios de valoración de méritos asistenciais. En todo caso deberán respectar as proporcións que se determinan no anexo a esta normativa para a valoración de cada categoría de méritos.

### TÍTULO IV

#### PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

##### **Artigo 8. Presentación de solicitudes e admisión de candidaturas**

1. As solicitudes para a participación nos concursos de acceso dirixíranse ao reitor no prazo de quince días hábiles, que contan a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.
2. As solicitudes presentaranse nos rexistros xerais da Universidade ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os candidatos deberán presentar xunto coa solicitude a documentación acreditativa de reuniren os requisitos para a participación que se establezan na convocatoria e o xustificante de ter liquidado as taxas correspondentes.

4. O cumprimento dos requisitos para participar nos concursos irá sempre referido á data límite de presentación de solicitudes.

### **Artigo 9. Requisitos xerais**

1. Para ser admitido aos concursos serán requisitos necesarios:

- a. Ser maior de idade e non superar a idade de xubilación normativamente establecida.
- b. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública española, da Unión Europea ou do Estado do que teña nacionalidade a persoa concursante.
- c. Non padecer enfermidade ou discapacidade física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- d. Estar en posesión da habilitación pertinente para o corpo e a área de que se trate, de acordo co que establece o Real decreto 774/2002. Para concursar ás prazas de corpos docentes vinculadas a prazas asistenciais de institucións sanitarias, os concursantes habilitados deberán estar en posesión do título oficial de especialista que corresponda á praza.

Consonte ao disposto no artigo 63 da LOU, consideraranse habilitados para poder participar nos concursos de acceso, ademais dos habilitados para o corpo e para a praza de que se trate, os funcionarios do devandito corpo e os dos corpos docentes universitarios de igual ou superior categoría, con independencia da súa situación administrativa.

- e. No caso de estranxeiros que pretendan acceder á función pública, de acordo coa lexislación aplicable será requisito, para poder concursar, o coñecemento, debidamente acreditado, de calquera das linguas oficiais da UDC.

2. Para participar nos concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, segundo o disposto no artigo 89 e a disposición adicional undécima da Lei orgánica 6/2001, os nacionais de estados membros da Unión Europea terán o mesmo tratamento que os nacionais españois. Este mesmo criterio será de aplicación:

- a. Aos nacionais daqueles estados a que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se atopa definida no Tratado constitutivo da Unión Europea.
- b. Ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non se atopen separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito e sexan menores de 21 anos ou maiores desta idade e vivan ás súas expensas.
- c. Esta última extensión do beneficio será igualmente aplicable aos nacionais de terceiros estados non membros da Unión Europea cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

4. Os habilitados que sexan nacionais doutros estados non membros da Unión Europea poderán tomar parte nos concursos de acceso e, de ser o caso, acceder á función pública cando o estado da súa nacionalidade recoñecer aptitude legal aos españois para ocupar na docencia universitaria posicións análogas ás dos funcionarios docentes na universidade española.

## **Artigo 10. Documentación para a admisión ao concurso e momento de presentación**

1. As persoas interesadas en tomaren parte nun concurso de acceso deberán presentar dentro do prazo que se estableza na convocatoria, a seguinte documentación:

- a. Instancia conforme o modelo establecido pola Universidade da Coruña.
- b. Acreditación dos requisitos específicos segundo o tipo de praza.
- c. Xustificante do pagamento da cantidade que se estableza como dereitos de exame.

2. Non acreditar os requisitos anteriores será causa de exclusión, que pode emendarse no prazo que se establece no parágrafo 3 do artigo seguinte.

## **Artigo 11. Relación provisoria de admitidos e excluídos**

1. No prazo máximo de quince días desde o remate do prazo para a presentación de solicitudes, a vicerreitoría competente en materia de profesorado publicará unha resolución para aprobar a relación provisoria de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

2. Esta relación publicarase nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e difundirase a través de páxina web da Universidade, debendo constar nela a data da súa inserción nos taboleiros.

3. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, que contan a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión das relacións de admitidos e excluídos. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non reparen o motivo da exclusión ou non aleguen fronte á omisión producida, e xustifiquen o seu dereito a seren incluídas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

## **Artigo 12. Relación definitiva de admitidos e excluídos**

1. Unha vez que remate o prazo para emendar os defectos que causaron as exclusións, a antedita vicerreitoría ditará, no prazo máximo de quince días, unha nova resolución para aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, coa indicación das causas de exclusión.

2. Esta resolución, que será obxecto de publicación polo mesmo procedemento que a relación provisoria, esgota a vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos oportunos.

## **Artigo 13. Constitución das comisións de selección**

1. As comisións de selección constituiranse no prazo máximo de tres meses desde o día seguinte á data de publicación no BOE da correspondente convocatoria. O presidente, logo de consultar cos restantes membros, convocará os titulares e, de ser o caso, os suplentes, para proceder ao acto de constitución da comisión, con indicación do lugar e da data en que terá lugar, tendo en conta a data de presentación dos candidatos que consta na convocatoria.

2. A válida constitución da comisión esixirá a presenza de todos os seus membros. Os membros titulares que non asistisen ao acto de constitución serán substituídos polos seus suplentes. En caso de que tampouco asista o suplente correspondente a substitución producirase por orde correlativa entre o resto dos suplentes.

3. Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia do presidente, este será substituído polo vogal de maior categoría e antigüidade. O secretario será substituído, de ser o caso, polo vogal de menor categoría e antigüidade. A válida actuación da comisión requirirá a participación de polo menos tres dos seus membros, agás no caso das comisións encargadas de resolveren os concursos para ocupar prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes que requirirán a presenza de catro dos seus membros, sendo polo menos un deles elixido polo procedemento sinalado no artigo 6.7.

4. No acto de constitución, e antes da presentación dos candidatos, a comisión de selección, aprobará e publicará os criterios de selección a que fai referencia o artigo 7, de acordo co que se precisa nel.

5. Así mesmo, o presidente convocará a todos os candidatos admitidos para a realización do acto de presentación na data, o lugar e a hora que estableza a convocatoria.

6. Estas comisións, en canto órganos de selección de persoal, gozarán de autonomía funcional e estarán facultadas para resolveren as cuestións que non se prevén nas respectivas bases da convocatoria. En todo o que non estea expresamente determinado nesta normativa é de aplicación á actuación destas comisións, a regulación da Comunidade Autónoma de Galicia en relación cos órganos colexiados así como as disposicións que poida ditar a UDC no exercicio da súa autonomía. Para o efecto de impugnación das súas decisións considéranse dependentes do reitor, órgano que efectúa o nomeamento dos seus membros.

#### **Artigo 14. Presentación de candidatos**

1. O acto de presentación será público e, no transcurso deste, os candidatos entregarán ao presidente da comisión de selección cinco exemplares do seu historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial, xunto cun exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos dos seus méritos.

2. As persoas aspirantes entregaranlle tamén ao presidente cinco exemplares dunha *guía docente* da materia ou materias que se determinaren na convocatoria ou, no seu defecto, dunha materia troncal ou obrigatoria adscrita á área, das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de primeiro e segundo ciclo na UDC e, de ser o caso, do *proxecto investigador*, que se desenvolverá no caso de lle ser concedida a praza.

A *guía docente* terá como máximo unha extensión de cincuenta páxinas en tamaño DIN A4 a dobre espazo e deberá facer referencia, como mínimo, aos seguintes aspectos:

- *Datos descritivos da materia*
- *Sentido da materia no plano de estudos*
- *Obxectivos: competencias, destrezas e habilidades que debe acadar o estudante*
- *Desenvolvemento do temario teórico e práctico*
- *Bibliografía recomendada*
- *Metodoloxía e recursos necesarios*
- *Sistema de avaliación da aprendizaxe*
- Outras informacións de interese.

O *proxecto investigador* terá, como máximo, unha extensión de dez páxinas en tamaño DIN A4 a dobre espazo e nel recollerase un resumo das liñas de investigación que desenvolverá a persoa candidata no caso de lle ser concedida a praza.

3. No acto de presentación a comisión indicará a data, o lugar e a hora de realización das probas a que se refire o artigo seguinte, así como, no caso de que haxa máis dunha persoa aspirante, a orde de intervención dos candidatos establecida por sorteo. As probas deberán comezar no prazo máximo de dez días desde a presentación.

4. O secretario da comisión garantirá que a documentación que entreguen os concursantes poida ser consultada por todos os candidatos que se presenten antes do inicio das probas.

## **Artigo 15. Realización das probas**

1. Os concursos de acceso constarán dunha única proba, que será pública e consistirá no seguinte:
  - a. Para prazas de catedrático de universidade, profesor titular de universidade e catedrático de escolas universitarias, exposición oral e debate coa comisión sobre:
    - Os méritos e o historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial do candidato.
    - A *guía docente* da materia ou materias que se determinaren na convocatoria ou, no seu defecto, dunha materia troncal ou obrigatoria adscrita á área das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de primeiro e segundo ciclo na UDC.
    - O *proxecto investigador* que desenvolverá no caso de lle ser concedida a praza.
  - b. Para prazas de profesor titular de escolas universitarias, exposición oral e debate coa comisión sobre:
    - Os méritos e o historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial do candidato.
    - A *guía docente* da materia ou materias que se determinaren na convocatoria ou, no seu defecto, dunha materia troncal ou obrigatoria adscrita á área das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de primeiro e segundo ciclo na UDC.

No caso de que exista unha única persoa aspirante, a comisión, despois de analizar a documentación que esta presente, se considera por unanimidade que resulta suficiente para a superación da proba, poderá eximila da exposición oral e do posterior debate, e procederá directamente a realizar a proposta de provisión correspondente.

2. A exposición non poderá exceder de noventa minutos nas prazas de catedrático de universidade, de profesor titular de universidade e de catedrático de escolas universitarias e de sesenta minutos nas prazas de profesor titular de escolas universitarias.

3. Seguidamente a comisión debaterá co candidato sobre os méritos e o historial, a guía docente e, de ser o caso, o proxecto investigador expostos por este, durante un tempo máximo de dúas horas.

4. Tras rematar as probas, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados en relación cos méritos e co historial, coa guía docente e, de ser o caso, co proxecto investigador de cada candidato.

5. De acordo con estes informes, a comisión elaborará unha proposta de provisión que deberá ser aprobada por, cando menos, tres votos a favor. No caso das prazas vinculadas requiriranse catro votos. Os membros da comisión que voten en contra da proposta maioritaria terán que facer constar a motivación do seu voto.

6. A proposta incluírá unha relación de todos os candidatos que sexan considerados aptos para ocupar a praza por orden de preferencia para o nomeamento polo reitor.

## **TÍTULO V**

### **PROPOSTA DE PROVISIÓN E NOMEAMENTO**

#### **Artigo 16. Proposta**

1. Nun prazo máximo de cinco días, desde o seguinte á finalización das probas publicarase no taboleiro de anuncios do centro en que actúe a comisión de selección, a proposta motivada e vinculante de nomeamento para a provisión da praza, con expresión de todos os candidatos propostos por orde de preferencia. Esta proposta será formalizada no modelo normalizado de acta que provera a vicerreitoría



competente en materia de profesorado e faranse constar os mecanismos de impugnación que poidan utilizar os interesados. A proposta permanecerá exposta, polo menos, ata a expiración do prazo para interpor os correspondentes recursos.

2. Unha vez que se publique, o presidente da comisión de selección ou, de ser o caso, o secretario entregarálle a proposta á Secretaría Xeral xunto coas actas e cos informes que compoñen o expediente, un exemplar da documentación que achegará cada candidato coa xustificación documental correspondente e a certificación do secretario da comisión en que se faga constar a data de publicación no taboleiro do centro.

3. Tras rematar o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ao seu dispor na Secretaría Xeral de onde deberán retirala. Non obstante, no caso de interposición de recurso non poderá retirarse ata que a resolución impugnada sexa firme, sen prexuízo de que os interesados poidan realizar copia da documentación para outros efectos.

Transcorridos seis meses desde a finalización do procedemento ou, no caso de haber recurso, desde que a resolución impugnada adquira firmeza, a documentación que non fose retirada será destruída.

### **Artigo 17. Nomeamento**

1. No prazo máximo de vinte días que contará desde o seguinte ao de publicación da proposta de nomeamento o candidato proposto en primeiro lugar pola comisión de selección ten que acreditar que cumpre os requisitos que se sinalan no artigo 15 do Real decreto 774/2002 e os requisitos xerais para o acceso á función pública de acordo coa lexislación aplicable. Unha vez que efectúe esta acreditación o reitor procederá ao seu nomeamento.

2. No caso de que o primeiro candidato proposto non acredite en tempo e forma os extremos sinalados no parágrafo anterior o reitor procederá, de xeito sucesivo, ao nomeamento dos seguintes candidatos propostos segundo a orde establecida pola comisión de selección, logo de que estes acrediten os mencionados requisitos en idéntico prazo de vinte días.

3. Os nomeamentos, que especificarán a denominación da praza con indicación da área de coñecemento e o corpo a que pertence, publicaranse no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia e comunicaránse aos rexistros correspondentes para o efecto da concesión do número de rexistro de persoal e de inscrición no corpo respectivo, así como á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria.

4. No prazo de vinte días que contará desde o seguinte ao de publicación do nomeamento no Boletín Oficial do Estado o candidato nomeado deberá tomar posesión da praza, momento en que adquirirá a condición de funcionario do corpo docente de que se trate.

## **TÍTULO VI**

### **RECLAMACIÓNS**

#### **Artigo 18. Comisión de reclamacións**

1. No prazo de dez días que contará desde o seguinte ao de publicación da proposta de provisión, as persoas candidatas poderán presentar unha reclamación perante o reitor. De se admitir a trámite a reclamación suspenderanse os nomeamentos ata a súa resolución definitiva.

2. As reclamacións tramitaranse de conformidade coas previsións específicas que contén este regulamento e co disposto no capítulo II do título VII da Lei 30/1992 en relación coa revisión de actos en vía administrativa.

3. A reclamación será valorada por unha comisión de reclamacións que estará formada por sete Catedráticos de Universidade de diversas áreas de coñecemento, con ampla experiencia docente e

investigadora, elixidos polo Claustro. Esta comisión será presidida polo catedrático máis antigo, e actuará como secretario o de menor antigüidade.

4. A comisión de reclamacións examinará o expediente relativo ao concurso, nos seus aspectos procedementais e na garantía do respecto aos principios de igualdade de oportunidades das persoas candidatas en relación co procedemento seguido e de mérito e capacidade destas, sen que a actuación desta comisión poida substituír valoracións de fondo sobre a idoneidade das persoas aspirantes para as prazas convocadas.

5. No desenvolvemento da súa función de exame, a comisión de reclamacións deberá oír os membros da comisión de selección e os candidatos que participaran nas probas. Así mesmo, poderá solicitar informes de especialistas de recoñecido prestixio nas materias de que se trate.

6. No prazo de tres meses desde que se presentase a reclamación, esta comisión ratificará ou non a proposta reclamada e deberá, neste último suposto, retrotraerse o procedemento ata o momento en que se produciu o vicio, caso en que a comisión de selección deberá ditar unha nova proposta motivada.

7. Os acordos da comisión de reclamacións serán motivados con constancia, se é o caso, dos votos particulares discrepantes e, salvo manifesta ilegalidade, serán vinculantes para o reitor quen, de ser o caso, procederá ao nomeamento segundo o disposto no artigo 17. Esta resolución reitoral esgota a vía administrativa quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

#### **Disposición adicional**

Para a determinación da composición das comisións de selección a que se refire o artigo 6.6 será de aplicación a táboa de afinidades que establece o anexo V do Real decreto 774/2002, de 26 de xullo.

#### **Disposición final primeira**

Facúltase o reitor para ditar as instrucións que foren necesarias para a interpretación e aplicación desta normativa.

#### **Disposición final segunda**

A presente normativa entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

## ANEXO

### BAREMO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS NOS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DE FUNCIONARIOS DOCENTES UNIVERSITARIOS

As comisións de selección determinarán os criterios para a valoración dos méritos e historial das persoas candidatas de acordo co especificado no artigo 7.4, respectando en todo caso as seguintes proporcións en cada categoría de méritos e tendo en conta que a suma das porcentaxes deberá ser 100:

#### **Prazas de catedrático de universidade, profesor titular de universidade e catedrático de escolas universitarias**

Traxectoria de investigación -----entre o 45% e o 55%

Actividade docente universitaria e innovación pedagóxica-----entre o 25% e o 35%

Outros méritos relevantes para a praza-----entre o 10% e o 20%

- Participación na xestión e representación académicas e na difusión da cultura universitaria
- Coñecemento da lingua propia da UDC
- Outros

#### **Prazas de profesor titular de escolas universitarias**

Traxectoria de investigación -----entre o 25% e o 35%

Actividade docente universitaria e innovación pedagóxica-----entre o 45% e o 55%

Outros méritos relevantes para a praza-----entre o 10% e o 20%

- Participación na xestión e representación académicas e na difusión da cultura universitaria
- Coñecemento da lingua propia da UDC
- Outros

No caso de prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios vinculadas a prazas asistenciais de institucións sanitarias, os criterios que fixen as comisións de selección terán en conta o que especifica o artigo 7.4, respectarán en todo caso as seguintes proporcións en cada categoría de méritos coidando que a suma das porcentaxes sexa 100:

#### **Prazas de catedrático de universidade, profesor titular de universidade e catedrático de escolas universitarias**

Traxectoria de investigación -----entre o 40% e o 50%

Actividade docente universitaria e innovación pedagóxica -----entre o 20% e o 30%

Experiencia asistencial----- entre o 15% e o 25%

Outros méritos relevantes para a praza-----entre o 10% e o 20%

- Participación na xestión e representación académicas e na difusión da cultura universitaria
- Coñecemento da lingua propia da UDC

- Outros

**Prazas de profesor titular de escolas universitarias**

Traxectoria de investigación -----entre o 20% e o 30%

Actividade docente universitaria e innovación pedagóxica -----entre o 40% e o 50%

Experiencia asistencial-----entre o 15% e o 25%

Outros méritos relevantes para a praza-----entre o 10% e o 20%

- Participación na xestión e representación académicas e na difusión da cultura universitaria
- Coñecemento da lingua propia da UDC
- Outros